



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010340

Referencia: BINV-CC/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 – ÁREA DE CIENCIAS.

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 30740, do 22 de xullo de 2024, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2024 - área de ciencias, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes desistencias, alegacións e/ou emendas:

* **Carla Lorenzo Fojón**

Con data do 31 de xullo presentou alegacións solicitando a revisión da súa puntuación no apartado do proxecto. O xurado emitiu informe respondendo as alegacións e ratificando a puntuación acadada por Carla Lorenzo Fojón, o cal foi notificado á interesada.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

1.- Desestimar as alegacións presentadas contra a resolución da presidencia número 30740, do 22 de xullo de 2024 pola que se aprobou a concesión provisional das Bolsas investigación 2024 na área de ciencias.

2.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: SAAVEDRA BOUZA, ALMUDENA

NIF: ***9158**

Expediente: 2024000017787

Obxecto da bolsa: *Procura de novas termoencimas en metaxenotecas de fontes xeotermiais galegas para a síntese de prebióticos a partir da palla de trigo*

Importe da bolsa: 10.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3262/481, fase A, operación número 220240009083, por importe de 10.000,00 €.

As tres bolsas que quedaron desertas son asignadas á Área de ciencias da saúde, polo que é necesario realizar as operacións contables necesarias, anulando os seguintes documentos contables e deixando o crédito dispoñible na aplicación 0612/3262/481:

-“RC” número 220240006063 por importe de 30.000 €

- “A” número 220240009083 por importe de 30.000 €

4.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativa-mente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.